

tente en materia de xustiza determinará anualmente as cantidades que deberán percibir os colexios de avogados e de procuradores para atender os gastos derivados do funcionamento e infraestrutura colexial que requiren os servizos de asistencia xurídica e representación gratuíta, o que corresponde á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza segundo o Decreto 37/2007, do 15 de marzo, polo que se establece a súa estrutura orgánica, que será unha porcentaxe do xerado no ano anterior en concepto de asistencia xurídica gratuíta.

En virtude do exposto,

DISPOÑO:

Artigo único.-A cantidade destinada para atender os gastos derivados do funcionamento operativo dos servizos colexiais de asistencia letrada ao detido, defensa e representación gratuíta para o ano 2009, fíxase nun oito por cento do importe total devengado durante o ano 2008 polos colexios de avogados e de procuradores da Comunidade Autónoma de Galicia, en concepto de asistencia letrada, defensa e representación gratuítas.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase a directora xeral de Xustiza a ditar as disposicións necesarias para o cumprimento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 2009.

José Luís Méndez Romeu
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

Resolución do 3 de marzo de 2009, da Secretaría Xeral de Emigración, pola que se convocan e se regulan as axudas correspondentes ao programa Volver á casa para residentes no exterior durante o ano 2009.

A Secretaría Xeral de Emigración é o órgano superior da comunidade autónoma a que lle corresponde, entre outras, as competencias en materia de desenvolvemento da Lei 4/1986, do 15 de xuño, de recoñecemento da galegüidade, que desenvolve o artigo 7 do Estatuto de autonomía de Galicia, onde se establece o dereito das comunidades galegas de fóra de Galicia a colaborar e compartir a vida social e cultural do pobo galego.

A teor do establecido no parágrafo anterior, a Secretaría Xeral de Emigración desenvolve anualmente, entre outros, programas que permiten o achegamento a Galicia e á súa realidade actual, a maiores pertencentes ás colectividades galegas do exterior con escasos recursos económicos.

Neste contexto enmárcase esta resolución pola que se convoca e se regula o programa de viaxes a Galicia «Volver á casa», a través do cal emigrantes galegos e fillos de emigrantes galegos maiores de 55 anos, poidan viaxar a Galicia a custo reducido que lles permita estreitar vínculos cos seus familiares residentes aquí.

En virtude do exposto e no exercicio das competencias atribuídas na disposición adicional segunda do Decreto 44/2006, do 2 de marzo, de acordo co establecido na Lei 4/1983, do 15 de xuño, de recoñecemento da galegüidade, e no uso das facultades que a Secretaría Xeral de Emigración ten atribuídas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

Esta resolución ten por obxecto convocar as axudas correspondentes ao programa «Volver á casa» orientado a promover o contacto dos galegos residentes no exterior coa súa terra e cos seus familiares, fortalecendo así os vínculos de unión con Galicia.

Artigo 2º.-*Características.*

1. A Secretaría Xeral de Emigración farase cargo, con carácter xeral, do 60% do custo da viaxe a Galicia. Farase cargo do 80% naqueles países nos que a base de cálculo da pensión asistencial por anciandade no 2009 non supere os 2.300 € anuais. O resto do importe da pasaxe será aboado polo beneficiario.

2. A condición de beneficiario deste programa quedará supeditada ao compromiso de acollida dos familiares do solicitante residentes en Galicia e ao pagamento, dentro do prazo establecido no seu momento, da porcentaxe correspondente da pasaxe de avión.

3. Os participantes poderán permanecer cos seus familiares en Galicia ata completar un período máximo de 3 meses, sendo pola súa conta todos os gastos de aloxamento, manutención e calquera outro derivados da súa estancia en Galicia.

4. Os beneficiarios deberán ingresar na axencia de viaxes designada, o importe do billete que lle corresponda, cunha antelación de 20 días naturais á data sinalada para a realización da viaxe. Entenderase que os que non cumpran con este requisito desisten da súa solicitude.

5. O programa realizarase preferentemente no mes de xuño.

6. A Secretaría Xeral de Emigración xestionará o desprazamento dos beneficiarios.

Artigo 3º.-*Beneficiarios.*

1. Poderán ser solicitantes deste programa aquelas persoas que cumpran os seguintes requisitos:

1.1. Ser emigrante galego. Para efectos deste programa, enténdese por emigrante galego os nados en Galicia ou que tivesen a súa última veciñanza admi-

nistrativa en Galicia, e acrediten esta condición no correspondente Consulado de España.

1.2. Ter a nacionalidade española.

1.3. Residir en América.

1.4. Ter cincuenta e cinco ou máis anos de idade contados na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

1.5. Non ter participado nos últimos cinco anos naturais en programas de viaxes a Galicia desta secretaría xeral.

1.6. Ser válido por si mesmo e non padecer trastornos psicofísicos que alteren a normal convivencia e estar en condicións de realizar unha viaxe de longa duración.

1.7. Ter familiares de ata o cuarto grao de consanguinidade ou afinidade cos cales poidan residir durante a súa estadía en Galicia.

1.8. Ter ingresos inferiores a 3 veces o importe da prestación económica por anciandade do Estado español fixado en 2009 para o país de residencia. Estes importes aparecen reflectidos no anexo III desta resolución. Se o solicitante convive con outra ou outras persoas nunha mesma unidade económica familiar, a contía anterior virá determinada pola suma do límite máximo de ingresos persoais máis o resultado de multiplicar o 70 por cento da devandita cifra polo número de conviventes menos un.

2. Poderán ser beneficiarias as persoas unidas por matrimonio, unión de feito ou relación análoga aos solicitantes do programa indicados no punto 1, sempre e cando cumpran os requisitos establecidos nos puntos 1.3, 1.5, 1.6 e acheguen a documentación xustificativa.

3. Tamén poderán ser solicitantes os fillos de emigrantes galegos que teñan a condición de galego e que cumpran os requisitos indicados nos puntos 1.2, 1.3, 1.4, 1.5, 1.6, 1.7 e 1.8 deste artigo.

Artigo 4º.-Prazas convocadas.

A asignación do número de prazas, realizada en función das necesidades reais e das demandas constatadas nos diferentes países, queda fixada para o ano 2009, do seguinte modo:

<u>Países</u>	<u>Nº de prazas</u>
Arxentina:	108
Brasil:	18
Cuba:	14
Uruguai:	90
Venezuela:	7
Outros países:	4
Total:	241

As prazas que queden vacantes á vista da relación do punto anterior distribuiranse proporcionalmente entre aqueles países que teñan un maior número de solicitudes admitidas en relación ás prazas ofertadas ata un máximo dun 25% do total das prazas.

O 90% das prazas asignadas a cada país destinarase a persoas que cumpran os requisitos indicados nos artigos 3º.1 e 3º.2 e o 10% restante ás persoas que cumpran os requisitos do artigo 3º.3. Esta asignación de prazas poderá redistribuírse no caso de que non se cubrisen algunha das cotas anteriores.

O número de prazas convocadas poderá incrementarse, na mesma proporción por países, no caso de que o permitan as disponibilidades orzamentarias.

Poderanse organizar outras edicións deste programa, en caso de que o permitan as disponibilidades orzamentarias.

Artigo 5º.-Criterios de selección.

Os criterios de selección para ser beneficiario serán os que se indican a continuación:

1. Consideraranse como criterios preferentes de selección, nesta orde:

- a) Non participar en anos anteriores neste programa.
- b) O tempo transcorrido sen beneficiarse do programa.
- c) A maior idade.

2. A selección dun solicitante emigrante galego levará consigo a da persoa unida a el por matrimonio, unión de feito ou relación análoga, sempre que reúna os requisitos establecidos no punto 2 do artigo 3º.

3. A selección dun solicitante fillo de emigrante galego levará consigo, de ser así mesmo solicitante e cumprir os requisitos, a da persoa unida a el por matrimonio, unión de feito ou relación análoga. Neste suposto só deberá cumprir o requisito de idade un dos solicitantes.

Artigo 6º.-Documentación.

1. A documentación que deberá achegar o solicitante é a seguinte:

- a) Solicitud segundo o modelo normalizado do anexo I.
- b) Fotocopia do pasaporte español ou documento nacional de identidade español en vigor do solicitante ou certificación consular do solicitante, para acreditar a nacionalidade española e a inscrición no rexistro de matrícula como residente.
- c) Documentación acreditativa do nacemento en Galicia ou de ter a última veciñanza administrativa en Galicia. As persoas que soliciten o programa por aplicación da alínea 3 do artigo 3º, deberán acreditar ser fillos de emigrante galego e ter a condición de galego mediante a vinculación cun concello galego.
- d) Documentación acreditativa da residencia en América, do lugar e data de nacemento, no caso de que estes datos non estean especificados na documentación anterior.

e) Nos países en que exista obriga de presentar declaración da renda das persoas físicas ou declaración similar, copia da última declaración presentada polo solicitante e/ou os membros da unidade económica familiar. No caso de que o solicitante e/ou os membros da unidade económica familiar non estivesen obrigados a realizala, xustificación oficial desta circunstancia e certificación ou xustificante acreditativo dos ingresos, rendas ou pensións de calquera natureza que perciba o solicitante e/ou os membros da unidade económica familiar.

f) Nos países en que non exista obriga de presentar declaración da renda das persoas físicas ou declaración similar, certificación ou xustificante acreditativo dos ingresos, rendas ou pensións de calquera natureza que perciba o solicitante e/ou os membros da unidade económica familiar.

g) Declaración de estar ao corrente das súas obrigas coa Facenda estatal e autonómica e coa Seguridade Social, segundo figura no anexo I.

h) Certificado médico, segundo o modelo incluído no anexo II desta resolución, conforme o solicitante é válido por si mesmo e non padece trastornos psicofísicos que alteren a normal convivencia e está en condicións de realizar unha viaxe de longa duración.

i) Fotografía actual tamaño carné.

j) Libro de familia, se procede. No seu defecto, achegarase documentación xustificativa do matrimonio, da unión de feito ou relación análoga e do nacemento do resto de membros da unidade económica familiar.

k) Declaración de axudas solicitadas ou concedidas por outras administracións para a mesma actividade. Poderá presentarse no modelo que consta no impreso de solicitude (anexo I).

2. O cónxuxe ou persoa unida ao solicitante emigrante galego por unión de feito ou relación análoga, de ser o caso, deberá presentar a seguinte documentación:

a) Fotocopia do pasaporte ou documento nacional de identidade en vigor.

b) Documentación acreditativa da residencia en América.

c) Certificado médico segundo o modelo incluído no anexo II desta resolución, conforme é válido por si mesmo e non padece trastornos psicofísicos que alteren a normal convivencia e está en condicións de realizar unha viaxe de longa duración.

d) Fotografía actual tamaño carné.

e) Declaración de axudas solicitadas ou concedidas por outras administracións para a mesma actividade. Poderá presentarse no modelo que consta no impreso de solicitude (anexo I).

Artigo 7º.-Unidade económica familiar.

Entenderase como unidade económica familiar a integrada polo solicitante e, de ser o caso, o seu cónxuxe, parella de feito ou relación análoga, así como os fillos e parentes por consanguinidade ou adopción ata o segundo grao sempre que convivan co solicitante.

As relacións de feito análogas ao matrimonio terán que acreditar que levan convivindo polo menos un ano, e tal circunstancia poderase probar por medio da inscrición no rexistro correspondente, por manifestación expresa mediante acta de notoriedade ou por calquera outro medio admisible en dereito. No caso de ter fillos en común chegará con acreditar a convivencia.

Artigo 8º.-Prazo.

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado desde o día seguinte ao da data de publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Se o último día do prazo fose sábado ou inhábil, o prazo prorrogarase ata o seguinte día hábil.

Artigo 9º.-Lugar de presentación.

9.1. As solicitudes presentaranse, xunto co resto da documentación, na Secretaría Xeral de Emigración ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Poderán presentarse nas delegacións da Xunta de Galicia en Buenos Aires e Montevideo, Consellerías de Traballo e Asuntos Sociais, nas seccións de Traballo e Asuntos Sociais das oficinas consulares, así como nos consulados ou seccións consulares das embaixadas correspondentes ao domicilio ou residencia do solicitante.

9.2. Para a presentación destas solicitudes os interesados poderán utilizar o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia de conformidade co Decreto 164/2005, do 16 de xuño, polo que se regulan e determinan as oficinas de rexistro propias ou concertadas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, se procede á creación do Rexistro Telemático da Xunta de Galicia e se regula a atención ao cidadán.

Os interesados que non posúan certificado dixital e así o desexen, poderán dirixirse ás entidades colaboradoras que se indican a continuación, para a presentación telemática das súas solicitudes:

* En Brasil:

-Peña Gallega da Casa de España de Río de Janeiro.

-Real Sociedad Española de Beneficencia de Salvador-Baía.

-Sociedad Hispano Brasileira de Socorros Mutuos e Instrucións de São Paulo.

-Sociedad de Socorros Mutuos e Beneficente Rosalía de Castro en Santos.

* En Cuba:

-Federación de Sociedades Gallegas en La Habana.

* En Venezuela:

-Hermandad Gallega de Venezuela en Caracas.

A utilización desta vía requirirá unha autorización que o interesado lle outorga á persoa responsable da entidade colaboradora para que remita a súa solicitude vía telemática. Esa autorización farase constar no modelo de solicitude.

As entidades colaboradoras no exterior deberán remitir á Secretaría Xeral de Emigración as solicitudes recibidas, xunto con toda a documentación, no prazo dos cinco días seguintes ao remate do prazo de presentación. Este prazo soamente será ampliado logo de autorización da Secretaría Xeral de Emigración.

Artigo 10º.-*Instrución do procedemento.*

1. Expirado o prazo de presentación de solicitudes e comprobado que as solicitudes e documentación reúnen os requisitos establecidos, elaborárase a lista provisional de admitidos e excluídos, indicando as causas de exclusión. Esta lista será publicada, no prazo máximo de 90 días desde o remate do prazo de presentación de solicitudes, na páxina web da Secretaría Xeral de Emigración (<http://www.galiciaaberta.com>), e tamén estará exposta nos taboleiros de anuncios das delegacións da Xunta de Galicia en Buenos Aires e Montevideo, e das entidades colaboradoras citadas no artigo 9º.2.

Os interesados disporán dun prazo de dez días hábiles desde a publicación na páxina web www.galiciaaberta.com para formular as alegacións que consideren oportunas e para a emenda da solicitude. Transcorrido ese prazo sen que se emenden as causas de exclusión, considerarase desistido da súa petición, e procederase ao seu arquivo nos termos establecidos no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Transcorrido este prazo elaborárase a lista definitiva de admitidos e excluídos que se publicará na páxina web da Secretaría Xeral de Emigración (<http://www.galiciaaberta.com>) e tamén estará exposta nos taboleiros de anuncios das delegacións da Xunta de Galicia en Buenos Aires e Montevideo e das entidades colaboradoras citadas no artigo 9º.2.

2. O órgano instrutor será a Subdirección Xeral de Programas Sociais e ademais, crearase unha comisión de avaliación, presidida polo subdirector xeral de Programas Sociais, ou persoa en que delegue, e composta polo xefe do servizo de Acción Social e un/unha funcionario/a da unidade que actuará como secretario/a.

3. Os expedientes serán avaliados pola comisión, segundo os criterios de valoración establecidos nesta resolución. Posteriormente a comisión elaborará unha proposta de concesión que se elevará ao secretario xeral de Emigración, para a súa resolución.

4. Unha vez realizada a selección de beneficiarios o secretario xeral de Emigración ditará as correspondentes resolucións, publicando na páxina web, www.galiciaaberta.com, a relación de beneficiarios e reservas.

5. As prazas que non sexan cubertas serán ofertadas ás correspondentes reservas, seguindo a súa orde de prelación.

6. Para ser beneficiarios deste programa será necesario que poidan valerse por si mesmos e non padecer trastornos psicofísicos que alteren a normal convivencia, circunstancias que deberán acreditarse mediante os correspondentes certificados médicos.

7. O prazo máximo para resolver esta convocatoria será de seis meses, que comezará a contar desde a data de publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Transcorrido o devandito prazo sen que se ditasen as resolucións expresas poderán entenderse desestimadas as solicitudes, de acordo co establecido no artigo 44.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

8. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e, contra elas, cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que as ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da relación de beneficiarios ou no prazo de tres meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se entenda producido o acto presunto, de acordo con disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Así mesmo, poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación da relación de beneficiarios ou no prazo de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel no que se entenda producido o acto presunto, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 11º.-*Obrigas dos beneficiarios.*

1. Con carácter xeral, os beneficiarios correspondentes aos programas convocados por esta resolución quedan obrigados a someterse aos requisitos legais e regulamentarios que prevexa a normativa xeral da Xunta de Galicia, así como as actuacións de comprobación que considere precisas a Secretaría Xeral de Emigración para asegurar o cumprimento do contido e condicións do programa.

2. Os beneficiarios quedan obrigados a comunicar á Secretaría Xeral de Emigración, no momento en que se produza, calquera alteración dos requisitos exixidos na convocatoria ou de circunstancias sobrevidas que impidan ou dificulten a participación no programa, podendo a secretaria adoptar a resolución de modificación da concesión ou de revogación que corresponda.

3. O solicitante presta o seu consentimento para incluír e facer públicos, no rexistro público de axudas, subvencións e convenios e no rexistro público de sancións, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas. Así mesmo, autoriza a secretaria xeral de Emigración a ceder os datos a aqueles organismos da Administración xeral do Estado con competencias similares na materia co fin do exercicio das funcións que lle son propias.

Os datos referidos integrarán un ficheiro cuxo responsable será a Consellería de Economía e Facenda, ante quen se poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

Agás nos casos indicados no artigo 9.4º do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos, a non autorización da obtención de datos ou a súa publicidade, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou subvención ou, se procede, ao reintegro do importe concedido.

De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, a Secretaría Xeral de Emigración publicará na súa páxina web, www.galiciaaberta.com, a relación de beneficiarios, polo que a presentación da solicitude leva consigo a autorización para o tratamento necesario de datos dos beneficiarios e da súa publicación na páxina www.galiciaaberta.com.

De conformidade co disposto no artigo 5º da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos nas solicitudes deste programa, serán incorporados a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Os solicitantes poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, previstos na lei, dirixindo un escrito á Secretaría Xeral de Emigración como responsable do ficheiro, no enderezo que figura ao pé da solicitude.

4. A prestación da asistencia sanitaria dos beneficiarios será de acordo coa lexislación nesta materia e os convenios subscritos polo Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 12º.-Incompatibilidades e seguimento da resolución de concesión.

1. As axudas outorgadas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con calquera outra axuda que lle puidese ser concedida para a mesma finalidade.

Non obstante, o importe da axuda en ningún caso poderá superar, illadamente ou en concorrencia con subvencións doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, o custo da acción que vai levar a cabo o beneficiario.

2. A Secretaría Xeral de Emigración levará a cabo a función de control, avaliación e seguimento das axudas concedidas ao abeiro desta resolución. Para realizar as devanditas funcións poderán utilizarse cantos medios estean a disposición da Secretaría Xeral de Emigración para comprobar os requisitos exixidos nesta resolución e demais normas vixentes que resulten de aplicación, para o cal os beneficiarios das axudas reguladas nesta resolución prestarán toda a colaboración que lles sexa requirida. Así mesmo, estarán na obriga de prestar colaboración e facilitar canta documentación lles sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, así como ao Consello de Contas e Tribunal de Contas, no exercicio da súa función de fiscalización e control do destino destas axudas.

3. Procederá o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de mora, nos casos e nos termos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia e no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime das axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 13º.-Aplicación orzamentaria.

Os gastos financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 04.50.312C.226.07 (actuacións derivadas da Lei de galeguidade). O crédito inicialmente destinado para esta finalidade é de 191.241 euros, que poderá incrementarse segundo as disponibilidades orzamentarias.

Artigo 14º.-Recursos.

Contra esta resolución cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, en prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Así mesmo, poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso administrativa.

Santiago de Compostela, 3 de marzo de 2009.

Manuel Luis Rodríguez González
Secretario xeral de Emigración



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Emigración

ANEXO I/2009

FOTO DO/A
SOLICITANTE

PROCEDEMENTO VOLVER Á CASA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO PR926A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--------------------------------------	---	--------------------------------

APELIDO 1º	APELIDO 2º	NOME	NIF
PASAPORTE	CIDADE DE RESIDENCIA	CÓDIGO POSTAL	PAÍS
ENDEREZO (RÚA, NÚMERO E ANDAR)		TELÉFONO	DATA DE NACEMENTO
PROVINCIA DE NACEMENTO	CONCELLO DE NACEMENTO	PAÍS DE NACEMENTO	NACIONALIDADE
ANO DE EMIGRACIÓN	ÚLTIMO ANO QUE ESTIVO EN ESPAÑA	COMUNIDADE AUTÓNOMA EN QUE TIVO A ÚLTIMA VECIÑANZA ADMINISTRATIVA	ENDEREZO ELECTRÓNICO
<i>(Cubrir cun x o recadro que corresponda)</i>			
¿PARTICIPOU EN PROGRAMAS DE VIAXES A GALICIA DESTA SECRETARÍA?	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	ANO DE PARTICIPACIÓN	TEMPO ESTIMADO DE DÍAS QUE DEXEXA PASAR EN GALICIA <input type="checkbox"/> 15 <input type="checkbox"/> 30 <input type="checkbox"/> 60 <input type="checkbox"/> 90
		SOLICITANTE EN CALIDADE DE	<input type="checkbox"/> EMIGRANTE GALEGO/A <input type="checkbox"/> FILLO/A DE EMIGRANTE GALEGO/A

CUBRIR SOAMENTE NO CASO DE SOLICITANTE EN CALIDADE DE FILLO/A DE EMIGRANTE GALEGO/A, SE O/A CÓNXUXE, UNIÓN DE FEITO OU RELACIÓN ANÁLOGA PRESENTA TAMÉN DOCUMENTO DE SOLICITUDE INDEPENDENTE:

APELIDO 1º DO CÓNXUXE	APELIDO 2º DO CÓNXUXE	NOME DO CÓNXUXE	Nº DO DNI DO CÓNXUXE

DATOS DA UNIDADE ECONÓMICA FAMILIAR

FAMILIARES QUE CONVIVEN CO/A SOLICITANTE:

	APELIDOS	NOME	PARENTESCO	IDADE	INGRESOS MENSUAIS (moeda do país)	PROCEDENCIA
1						
2						
3						
4						
INGRESOS MENSUAIS DO/A SOLICITANTE:						
TOTAL INGRESOS MENSUAIS DA UNIDADE ECONÓMICA FAMILIAR:						

PERSOA RESPONSABLE EN CASO DE ACCIDENTE OU ENFERMIDADE

APELIDOS	NOME	PARENTESCO	ENDEREZO	TELÉFONO

FAMILIARES MÁIS PRÓXIMOS EN GALICIA

APELIDOS	NOME	PARENTESCO	ENDEREZO	TELÉFONO

DECLARACIÓN DE CONXUNTO DE TODAS AS SOLICITUDES EFECTUADAS OU CONCEDIDAS PARA A MESMA ACTIVIDADE REALIZADA POLO/A SOLICITANTE:

D/Dª , con NIF nº

DECLARA:

Que non ten solicitado e non se lle concederon axudas para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou das entidades vinculadas ou dependentes delas.

Que ten solicitado e se lle concederon (ou está pendente de resolución de concesión) axudas para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou das vinculadas ou dependentes delas.

Que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias coa facenda estatal e autonómica e coa Seguridade Social.

DENOMINACIÓN DO ORGANISMO, SOCIEDADE OU ENTIDADE PÚBLICA A QUE LLE FOI SOLICITADA A AXUDA	DATA DE		IMPORTE
	SOLICITUDE	CONCESIÓN ⁽¹⁾	

(1) No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicárase PENDENTE nesta columna. No caso de solicitudes denegadas farase constar como DENEGADA

A/O SOLICITANTE AUTORIZA A PERSOA HABILITADA PARA O EFECTO, DA ENTIDADE COLABORADORA SINLADA A CONTINUACIÓN, PARA PRESENTAR ESTA SOLICITUDE A TRAVÉS DO REXISTRO TELEMÁTICO DA XUNTA DE GALICIA:

ENTIDADE COLABORADORA:

FOTO DO/A
CÓNXUXE, UNIÓN
DE FEITO OU
RELACIÓN
ANÁLOGA DO/A
SOLICITANTE

DE SER SOLICITANTE EN CALIDADE DE EMIGRANTE GALEGO:

CUBRIR COS DATOS DO/A CÓNXUXE, UNIÓN DE FEITO OU RELACIÓN ANÁLOGA DO/A SOLICITANTE, NO CASO DE QUE DESEXE PARTICIPAR NO PROGRAMA

APELIDO 1º		APELIDO 2º		NOME		NIF	
PASAPORTE		CIDADE DE RESIDENCIA		CÓDIGO POSTAL		PAÍS	
ENDEREZO (RÚA, NÚMERO, ANDAR)				TELÉFONO		DATA DE NACEMENTO	
PROVINCIA DE NACEMENTO		CONCELLO DE NACEMENTO		PAÍS DE NACEMENTO		NACIONALIDADE	
ENDEREZO ELECTRÓNICO		NO CASO DE TER RESIDIDO EN ESPAÑA, INDICAR A COMUNIDADE AUTÓNOMA EN QUE TIVO A ÚLTIMA VECIÑANZA ADMINISTRATIVA					
¿PARTICIPOU EN PROGRAMAS DE VIAXES A GALICIA DESTA SECRETARÍA?							ANO DE PARTICIPACIÓN
<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON							

DECLARACIÓN DE CONXUNTO DO/A CÓNXUXE, UNIÓN DE FEITO OU RELACIÓN ANÁLOGA DO/A SOLICITANTE EN CALIDADE DE EMIGRANTE GALEGO, DE TODAS AS SOLICITUDES EFECTUADAS OU CONCEDIDAS PARA A MESMA ACTIVIDADE

D/Dª _____, con NIF nº _____

DECLARA:

- Que non ten solicitado e non se lle concederon axudas para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou das entidades vinculadas ou dependentes delas.
- Que ten solicitado e se lle concederon (ou está pendente de resolución de concesión) axudas para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou das vinculadas ou dependentes delas.

DENOMINACIÓN DO ORGANISMO, SOCIEDADE OU ENTIDADE PÚBLICA A QUE LLE FOI SOLICITADA A AXUDA	DATA DE		IMPORTE
	SOLICITUDE	CONCESIÓN ⁽¹⁾	

(1) No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicárase PENDENTE nesta columna. No caso de solicitudes denegadas farase constar como DENEGADA

- A/O solicitante e, se é o caso, o seu cónxuxe, unión de feito ou relación análoga, presta o seu consentimento para incluír e facer públicos, no rexistro público de axudas, subvencións e convenios e en el rexistro público de sancións, creados no artigo 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para el ano 2006, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas. Os datos referidos integrarán un ficheiro cuxo responsable será a Consellería de Economía e Facenda, ante quen se poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición. Salvo os casos sinalados no artigo 9.º do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados no artigo 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a non autorización da obtención de datos ou a súa publicidade, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou subvención ou, se procede, ao reintegro do importe concedido.

- De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Secretaría Xeral de Emigración publicará na súa páxina web, www.galiciaaberta.com, a relación de beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

- En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, infórmoo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude, se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

- O solicitante autoriza expresamente á Secretaría Xeral de Emigración no ámbito das súas competencias a ceder os datos persoais a aqueles organismos da Administración Xeral do Estado con competencias similares na materia co fin de colaborar no exercicio das funcións que lle sexan propias.

Así mesmo, o interesado declara que ostenta autorización das persoas relacionadas dentro da unidade familiar ou como achegados para a cesión dos seus datos persoais á Secretaría Xeral de Emigración co fin de poder xestionar a axuda relativa a esta convocatoria

- A participación no programa quedará condicionada ao achegamento do certificado médico favorable expedido polo médico encargado dos recoñecementos médicos.

- Autoriza á Secretaría Xeral de Emigración a ceder os datos a aqueles organismos da Administración xeral do Estado con competencias similares na materia co fin do exercicio das funcións que lle son propias.

- A/O solicitante e, se é o caso, o seu cónxuxe, unión de feito ou relación análoga, presta a súa conformidade para que a Secretaría Xeral de Emigración xestione a participación no programa.

- A/O solicitante, se é o caso, o seu cónxuxe, unión de feito ou relación análoga, DECLARA BAIXO XURAMENTO / PROMESA que son certos os datos indicados nesta solicitude e que reúne todos os requisitos exixidos na convocatoria do programa "Volver á casa".

_____ de _____ de 20

(Lugar e data)

(Sinatura do/a solicitante)

(Se é o caso, sinatura do/a cónxuxe do/a solicitante)

LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución do 3 de marzo de 2009, da Secretaría Xeral de Emigración, pola que se convocan e regulan as axudas correspondentes ao programa Volver á casa para residentes no exterior durante o ano 2009.

Secretario xeral de Emigración
Rúa Basquiños nº 2. 15704 Santiago de Compostela (A Coruña)

ANEXO II

CERTIFICADO MÉDICO DO/A SOLICITANTE

APELIDOS E NOME DO/A FACULTATIVO/A:		
ESPECIALIDADE:		Nº DE COLEXIADO:
CERTIFICA QUE:		
D. /Dª		
NECESITA SEGUIR O SEGUINTE TRATAMENTO:		
DEBIDO A :		
E QUE É VÁLIDO POR SI MESMO, NON PADECE TRASTORNOS PSICOFÍSICOS QUE ALTEREN A NORMAL CONVIVENCIA E ESTÁ EN CONDICIÓN DE REALIZAR UNHA VIAXE DE LONGA DURACIÓN.		
ASINO ESTE CERTIFICADO EN	,	de
		de 20
(Sinatura e selo)		

CERTIFICADO MÉDICO DO/DA CÓNXUXE, UNIÓN DE FEITO OU RELACIÓN ANÁLOGA DO/A SOLICITANTE

APELIDOS E NOME DO/A FACULTATIVO/A:		
ESPECIALIDADE:		Nº DE COLEXIADO :
CERTIFICA QUE:		
D. /Dª		
NECESITA SEGUIR O SEGUINTE TRATAMENTO:		
DEBIDO A:		
E QUE É VÁLIDO POR SI MESMO, NON PADECE TRASTORNOS PSICOFÍSICOS QUE ALTEREN A NORMAL CONVIVENCIA E ESTÁ EN CONDICIÓN DE REALIZAR UNHA VIAXE DE LONGA DURACIÓN.		
ASINO ESTE CERTIFICADO EN	,	de
		de 20
(Sinatura e selo)		

Secretario xeral de Emigración

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 27 de febreiro de 2009 pola que se convocan axudas para a realización de actividades de alfabetización e formación de adultos na Comunidade Autónoma de Galicia durante o ano 2009.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no artigo 31, establece a competencia plena para o regulamento e administración da ensinanza en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias e sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que o desenvolven.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 66.1 que a educación de persoas adultas ten a finalidade de ofrecer a todos os maiores de dezaioito anos a posibilidade de adquirir, actualizar, completar ou ampliar os seus coñecementos e aptitudes para o seu desenvolvemento persoal e profesional. Así mesmo, no seu artigo 66.2 recolle que as administracións públicas poderán colaborar con outras administracións públicas con competencias na formación de adultos e, en

especial, coa Administración laboral, así como coas corporacións locais e os diversos axentes sociais.

A Lei 9/1992, do 24 de xullo, de educación e promoción de adultos, establece no seu artigo 5, entre outras actuacións e programas de acción, a de promover a colaboración das institucións culturais, profesionais, sindicais, empresariais e universitarias.

O Decreto 88/1999, do 11 de marzo, polo que se regula a ordenación xeral das ensinanzas de educación de persoas adultas e os requisitos mínimos dos centros, establece no artigo 2.2 que a Administración educativa promoverá a colaboración das institucións culturais, profesionais, sindicais, entidades e empresas públicas e privadas que realicen actividades paralelas ou estean dispostas a emprendelas co fin de potenciar aquelas accións que conduzan a un mellor desenvolvemento persoal e profesional das persoas adultas e moi especialmente das máis desfavorecidas ou carentes de titulación básica, sobre todo daquelas que por razóns de traballo ou de residencia non poden continuar nos centros ordinarios.

O convenio de colaboración subscrito o 23 de decembro de 2008 entre o Ministerio de Educación, Política Social e Deporte e a Comunidade Autónoma de Galicia para o Plan de apoio á implantación da